

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A COMUNIDADE AUTÓNOMA PRINCIPADO DE ASTURIAS, PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA EN DETERMINADAS ZONAS LÍMITROFES DE AMBAS COMUNIDADES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Principado de Asturias formalizaron o 05/12/24 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a súa sinatura e durante un período de catro anos, prorrogables.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración na prestación de atención sanitaria entre a Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, e a Comunidade Autónoma Principado de Asturias, a través do Servizo de Saúde do Principado de Asturias, a residentes en territorio da outra Comunidade como consecuencia da existencia de áreas xeográficas limítrofes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Comunidade Autónoma de Galicia e a Comunidade Autónoma Principado de Asturias, das que dependen, respectivamente o Servizo Galego de Saúde e o Servicio de Salud del Principado de Asturias, no marco dun escenario de colaboración entre ambas institucións, coa finalidade de mellorar a atención sanitaria dos cidadáns e flexibilizar os seus sistemas sanitarios para adecualos ás necesidades da poboación, estiman oportuno proceder a desenvolver a súa colaboración no ámbito da xestión e prestación de servizos sanitarios e, máis concretamente, nos ámbitos de atención primaria, atención hospitalaria e transporte sanitario, nas súas zonas limítrofes.

As zonas limítrofes entre Comunidades Autónomas constitúen un caso particular na organización dos servizos sanitarios, e no acceso aos mesmos debe primar a funcionalidade sobre a dependencia orgánica para beneficio da cidadanía, ao mesmo tempo que se favorece o desenvolvemento destas zonas e se minora o despoboamento dos territorios periféricos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Ramón Parada Jorgal

